


TRABALLAMOS CON GRÁFICAS E IMAXES.

Os seguintes debuxos esquemáticos representan as distintas fases da mitose dunha célula con 4 cromosomas. Obsérvaos e responde ás cuestións.



1- Que función teñen os microtúbulos do fuso mitótico?

2- En que fase desaparece o núcleo da célula? En que fase volve a reconstruírse?

3- En que fases aparecen os cromosomas con dúas cromátidas? En que fases aparecen con unha cromátida?


4- Durante que fase terá lugar a división da célula en dúas células fillas?

5- Conta o número de cromátidas na profase tardía e na anafase. Coinciden? E o número de cromosomas?

6- Comenta para que serve a mitose.

TRABALLAMOS CON GRÁFICAS E IMAXES.

Os seguintes debuxos esquemáticos representan as distintas fases da meiose dunha célula con 4 cromosomas. Obsérvaos e responde ás cuestións.



1- Cantos cromosomas contén a célula na profase I ? Cantas parellas de homólogos? Que diferencias aprecias entre esta profase e a da mitose?

2- En que se diferencia a disposición dos cromosomas na metafase I e na metafase da mitose?

3- Ves algunha diferenza na disposición dos cromosomas na anafase I e na anafase da mitose?

4- Cantos cromosomas contén a célula na profase II ? Cantas parellas de cromosomas homólogos? Que diferencias encontras entre a profase II e a profase da mitose?

5- Observas algunha diferenza na disposición dos cromosomas entre as fases do segundo ciclo da meiose e as da mitose? E no número de cromosomas?